




(A)rroupArte

ANÁLISE DO CAMBIO SOCIAL

A TRAVÉS DA VESTIMENTA

PROXECTO DOCUMENTAL 1º BAC

IES XOÁN MONTES(LUGO)



INTRODUCCIÓN


Por que estudar a historia da vestimenta? A priori pode parecer un tema superficial, pouco adecuado para analizar na aula, insubstancial e falta de seriedade. Porén, valourouse que o seu estudo permitiría ao alumnado de 1º de BAC profundar na evolución histórica das sociedades. E que mellor que aproveitar os recursos estéticos da arte e da literatura, máis próximos a eles e visualmente máis cercanos á súa realidade virtual.

Por outra banda, consideramos axeitado realizalo neste nivel, pois a materia de Historia do Mundo Contemporáneo reincidente, dun xeito máis amplo, nos coñecementos tratados en 4º da ESO. Dado que son os mesmos, preténdese ampliar a visión da evolución histórica a través dun traballo de investigación que permitise por unha parte facer un revisionado da evolución social dende a Antiga Grecia, pois non se debe esquecer que en 2º de BAC deben estudar a Historia de España dende a Prehistoria, e por outra, afianzar a práctica, xa desenvolvida noutros cursos, na elaboración de proxectos de investigación, tan necesarios e pertinentes no seu futuro universitario.

Ademais, procurouse cambiar o sistema habitual de ensino-aprendizaxe por unha adquisición de coñecementos máis atractiva, alonxada do libro de texto como único medio de transmisión do saber. Quíxose demostrar ao alumnado que dun cadro, dun relevo, dun poema ou dun relato podíanse extraer coñecementos históricos, sociais e económicos.

Valoráronse diversos aspectos á hora de abordar este tema:

- O feito de que a moda, co predominio do mundo dos influencers, forma parte da súa cotidianeidade, e serviría para captar o seu interese no estudo da sociedade e da vestimenta desde un punto de vista histórico.
- Que o alumnado descoñecía que a liberdade á hora de vestir, que eles tanto valoran, é froito da sociedade e da época na que viven, que ten a súa orixe nos procesos revolucionarios que derrubaron o Antigo Réxime, pero que noutras épocas o nacemento e o grupo social condicionaba até o atuendo que se podía levar.




- Que a arte e a literatura son unha gran fonte de coñecementos engadidos fóra do ámbito estritamente técnico e iconográfico.
- O descoñecemento por parte do noso alumnado da relevante información que proporciona toda creación artística.
- Os beneficios para o alumnado: busca de información en distintos formatos, utilización das TICs, traballo en grupo, organización de materiais e tarefas...
- O impacto a curto prazo: a posibilidade de ser utilizado este traballo como un instrumento de profundación de posibles estudos nos ámbitos histórico e literario, social, técnico e artístico.

Por todo isto, pensouse que sería un proxecto idóneo para o alumnado de 1º de BAC, cunha base histórica adquirada en cursos anteriores, que poderían deste xeito interrelacionar temas aparentemente distanciados para que confluísen no coñecemento histórico.

CONTIDOS CURRICULARES

Este traballo permitiu desenvolver, ademais dos contidos propios da área de Historia, outros da área de Literatura e Arte:

- Comprensión de textos, atendendo especialmente á consulta en diversos soportes, de dicionarios, glosarios e outras fontes de información, incluíndo estudos especializados.
- Composición, en soporte dixital, de textos propios do ámbito académico, especialmente textos expositivos e explicativos elaborados a partir da información obtida.
- Utilización da biblioteca e das tecnoloxías da información e da comunicación de forma autónoma para a localización, selección e organización de información.
- Achegamento ao estudo da evolución social e económica a través das obras de arte e da literatura.
- Toma de conciencia de que existen paralelismos en canto ao contexto histórico polo que respecta tanto á obra de arte como á expresión literaria (mesma época, mesma visión da sociedade, ...).
- Emprego da lingua escrita para tomar conciencia dos coñecementos, e ideas, ser quen de interiorizalas e expoñelas.



- Realización de tarefas por parellas cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, valorando a discrepancia e o diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemas.
- Coñecemento e utilización, de forma crítica, das tecnoloxías da información e da comunicación como un medio para aumentar o coñecemento da realidade, pero tamén da investigación histórica.
- Valoración, sensibilidade e respecto polo papel dos artistas, dos creadores, no avance da sociedade, da cultura.

CRITERIOS , ESTÁNDARES, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS

HISTORIA

- Define e esquematiza os trazos básicos dos contextos históricos dende a antigüidade grecolatina até o século XX, describindo os seus aspectos económicos, políticos, sociais e culturais.
- Distingue as transformacións sociais e económicas que reflicte a evolución do vestido.
- Investiga e identifica a evolución dos tecidos e dos deseños como reflexo dos intercambios económicos e da evolución técnica.
- Obtén información que permita explicar a evolución social e ideolóxica seleccionándoa das fontes bibliográficas ou en liña nas que se ache dispoñible.
- Descubre a través do estudo das obras de arte a grandes creadores da Historia.
- Conciencia ao alumnado de que as imaxes, cadros, relevos, e a literatura, actúan tamén como fontes históricas.
- Potencia nos alumnos a toma de conciencia das desigualdades sociais ao longo da historia, da súa evolución, e do progreso paulatino cara unha maior equidade e liberdade.
- Desenvolve no alumnado a sensibilidade cara a arte e a literatura.
- Utilización dun vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.
- Toma conciencia de que as obras de arte, e a percepción social e creadora que chegou até nós e froito do predominio social e económico de determinados grupos sociais.
- Aprende a utilizar ferramentas en liña como medios de expresión das súas investigacións.

COMPETENCIAS: CCL., CD, CMCCT, CAA, CCEC, CSC, CSIEE

INSTRUMENTOS: Rúbrica, Autoavaliación, Coavaliación, Produto final

LINGUA GALEGA

- Revisa e reescribe un texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas.
- Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos e correctores.
- Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da Lingua galega.
- Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.
- Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual.
- Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe..

COMPETENCIAS: CCL, CD, CCEC, CAA

INSTRUMENTOS: Rúbrica, Autoavaliación, Coavaliación, Produto final

INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN

- Utiliza a BE na procura de recursos informativos para os seus traballos
- Identifica os códigos da CDU
- Realiza procuras no catálogo por autoría, título ou materia
- Usa Internet de xeito autónomo para resolver as súas necesidades de información
- Emprega palabras clave e aplica estratéxicas eficaces na procura
- Navega por internet con seguridade preservando a súa identidade e privacidade
- Compara a información recollida en distintas fontes informativas da rede ou en outras orais ou impresas
- Identifica os obxectivos do Traballo de investigación e as súas fases
- Formula preguntas sobre o tema que se vai a investigar
- Concreta os conceptos clave que van guiar o traballo de procura de información
- Contribúe á distribución de tarefas e responsabilízase das que lle corresponden
- escoita aos integrantes do grupo, garda a quenda da palabras, argumenta as súas opinións e respecta as dos demais.
- Comprende e analiza textos continuos e discontinuos, e sabe extraer as ideas principais.
- Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo.

- Elabora textos propios mediante un procesador de textos
- Realiza sinxelas presentacións para amosar os resultados da súa investigación e como apoio a súa exposición
- Incorpora imaxes ou vídeos aos seus traballos de investigación
- Cita con corrección os documentos de toda índole empregados
- Defende con argumentos as opinións propias e respecta o traballo alleo
- Avalia, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación
- Identifica e valora as aprendizaxes realizadas
- **COMPETENCIAS:** CCL, CD, CMCCT, CAA, CCEC, CSIEE, CSC, CCEC
- **INSTRUMENTOS:** Rúbrica, Autoavaliación, Coavaliación, Produto final

ALUMNADO E PROFESORADO PARTICIPANTE




Dentro da materia optativa de Historia do Mundo Contemporánea traballouse co alumnado de:

1º BAC A: 3 (ALUMNOS DE CIENCIAS)

1º BAC B: 14 (ALUMNOS DE HUMANIDADES)

En relación ao profesorado, o Proxecto, tendo a Biblioteca do Centro como elemento vertebrador, pola aportación de material bibliográfico e de consulta e de espazo de traballo, contou coa dirección de: María América García Fernández e a colaboración da Coordinadora da BE, Anxos Vidal Suárez





OBXECTO E TEMÁTICA DA INVESTIGACIÓN PROPOSTA

Este proxecto, ARROUPARTE: Análise do cambio social a través do atuendo, pretende a través do estudo e investigación desvelar ao alumnado que a evolución da sociedade vén determinada polos condicionantes ideolóxicos e económicos, así como polos acontecementos históricos, e que estes aspectos vense reflectidos nas fontes artísticas e literarias.

ACCIÓNS: CALENDARIO, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO

O traballo de investigación comezou no segundo trimestre, o primeiro dedicouse íntegramente ao currículo de Historia Contemporánea, tanto para repasar os coñecementos previos, da ESO, como para a adquisición doutros novos. Tráballose tamén con textos, mapas, comentarios de todo tipo que servirán ao alumnado para desenvolverse na materia deste curso e do vindeiro .Ao mesmo tempo, o equipo da BE e máis eu deseñamos o proxecto: liñas de actuación, temporalización, espazos (biblioteca e aula de informática), buscamos fontes documentais, decidimos como dividir o tema e os agrupamentos.


2ª TRIMESTRE

O horario da materia deste curso é de catro horas semanais, así pois decidiuse adicarlle unha hora cada semana, desde xaneiro, ao desenvolvemento do proxecto, o resto das horas adicaríanse ao desenvolvemento do currículo propio.

Durante o segundo trimestre recordouselles cales son os pasos que de deben seguir para afrontar o tema: ler, estudar, tomar notas, resumir, coñecer idiomas, manexar a internet. No referido ao uso das Tic, lembróuselles aos alumnos os dereitos e deberes que han de coñecer e respectar, a fiabilidade das páxinas, e documentos que se consultan, contrastando a información noutras; a mención das obras consultadas e o coñecemento dos dereitos de autor e das licenzas Creative Commons. Ademais do correcto uso das ferramentas colaborativas- DRIVE-

Despois o proceso foi:

- Presentación do proxecto ao alumnado e proposta do tema.
- Detección de coñecementos previos
- Organización dos alumnos en parellas, dado que eran un número pequeno (14), que distribuíron eles mesmos. Deixouselles organizarse autonomamente pois neste nivel trátase de que aprendan a xestionar a súa aprendizaxe e traballo.
- Reparto das distintas cuestións en que se subdivide o tema xeral:



O traballo repartiuse en sete subapartados seguindo criterios históricos, económicos e socioculturais:

Idade Antiga: Grecia e Roma

Idade Media: Baixa Idade Media

Século XV: Flandres e Florencia

Século XVI: Inglaterra e España

S. XVII/XVIII: O Barroco en Holanda, España e Francia.


S. XIX: Imperio, época victoriana e Belle Époque.

S. XX: Felices '20, American Way of Life, Anos 60/70, Anos 80/90,


Postmodernidade.

Cada parella debía buscar:

- Aspectos esenciais da obra: autor, título, ano ou século, técnica.
- Datos que explicasen o contexto.



- División social dos períodos, culturas e a súa influencia na vestimenta.
- Nomes das prendas esenciais que aparecían no cadro.
- Textos que sirvan de crónica literaria á explicación do período.



TERCEIRO TRIMESTRE

Os alumnos e alumnas buscaron e analizaron toda clase de información, que foi correctamente contrastada, ordenada, redactada para ser situada na súa obra correspondente.

Realización do produto final: uso de imaxes interactivas coa ferramenta Genially nas que se expuxo a información.

PROCEDEMENTOS:

- Procura de información en distintos soportes
- Selección da información pertinente (texto e imaxes)
- Aprendizaxe significativa
- Lectura comprensiva
- Resumo dos datos fundamentais
- Redacción de materiais de elaboración propia
- Coherencia textual
- Estruturación do texto
- Uso do DRIVE como ferramenta colaborativa.
- Uso da ferramenta TIC - Genially- como medio de expresión e exposición da información, para facela máis interactiva e interesante, mediante imaxes interactivas.

AVALIACIÓN

Segundo se recomenda nas orientacións para a avaliación na etapa do BAC, esta ha de ser “formativa e continua”, principios que se tiveron en consideración ao longo de todo o proceso valorativo.

Antes de iniciar o proxecto explicouse aos alumnos cales eran os aspectos aos que se concedería unha maior atención, que tarefas terían que realizar e cal sería a súa importancia para a nota final (neste caso sería avaliada, como consta na Programación, cun 30% da nota total). O modelo de rubrica empregado foi:

RÚBRICA PARA AVALIAR TRABALLO DE INVESTIGACIÓN

NOME DO ALUMNO/A:

CATEGORÍAS	SOBRESALIENTE	NOTABLE	SUFICIENTE	INSUFICIENTE
BÚSCA DA INFORMACIÓN	Abundante información relacionada o tema que se desenvolve.	Información suficiente que se conecta axeitadamente co tema.	Información insuficiente, por non conectarse correctamente co seu tema.	Información insuficiente e incorrecta.
MANEXO DA INFORMACIÓN	Información perfectamente discriminada e clasificada.	Boa clasificación da información, aínda que necesita discriminar e ligar algunha información obtida.	Baixo manexo e clasificación de información. Información que non se conecta claramente co tema.	Non hai unha correcta selección de información
ENFOQUE E CREATIVIDADE	Excelente enfoque do tema e da información obtida. Moi boa relación e adaptación entre materiais e información.	Bo enfoque do tema, relacionado coa súa información, necesita mellorar a conexión entre as ideas e o seu material.	Non está o enfoque claro do tema, pouco material e non representativo do tema.	Non hai enfoque da súa información, e só se copia o obtido tanto en contido como en imaxes para material.
IDIOMA, GRAMÁTICA E ORTOGRAFÍA	Non existen erros ortográficos. Está en galego.	A ortografía é boa, faltan acentos. Pode non estar en galego, como debería.	Presenta algunhas faltas de ortografía ou gramaticais. Non sempre se axusta ao galego.	Presenta grandes fallos ortográficos ou gramaticais.
FONTES DOCUMENTAIS	Rexistro coidadoso do 100% da inf.	Só documéntase a orixe do 70 %	Só documéntase a orixe do 50%	Escasa ou nula documentación
FERRAMENTAS TIC Media Club	Manexa con soltura as ferramentas utilizadas, así como non precisou axuda na elaboración do produto final	Manexa de forma aceptable as ferramentas utilizadas, así como non precisou axuda na elaboración do produto final	Non manexa de forma axeitada as ferramentas e precisou axuda para a elaboración do produto final	Apréciase un certo desinterese no manexo correcto das ferramentas e non fixo o produto final

Agás excepcións, o alumnado, nas enquisas de coavaliación, valorou moi positivamente esta forma de aprendizaxe, que cualifican como moi interesante, diferente e orixinal. Unhas das cousas que máis lles gustou é, sen dúbida, o uso constante de ordenadores e o feito de aprenderen o uso de novas ferramentas TIC, para eles/as descoñecidas, e por riba de todo, ver os seus traballos expostos no blog.. Pódense ver os resultados da coavaliación realizada premendo **AQUÍ**.

RECURSOS EMREGADOS

En relación coas fontes documentais , pódense consultar no taboleiro do Pinterest creados para tal fin, só con premer na imaxe.




As ferramentas TIC usadas foron o DRIVE, as fichas fixéronas no Docs. de Google, e os produtos finais - as imaxes interactivas- fíxose coa ferramenta GENIALLY.

DIFUSIÓN

No tocante á difusión do noso proxecto decidiuse publicalo no blog :

<https://arrouparte.blogspot.com/>

Como o proxecto foi elaborado no marco da materia de Historia do Mundo Contemporáneo, e o alumnado foi avaliado segundo o traballo realizado, non foi posible expoñelo de forma física. Porén, ao comezo do curso exhibírase no vestíbulo do Centro.



En Lugo a 1 de xullo de 2019

M^a América García, prof. de Historia

Anxos Vidal, coordinadora da BE